

QUEDADAS NO MUSEO

Información sobre as xuntanzas no Museo de Historia Natural da SGHN en Ferrol

Xaneiro 2024 — nº 1



Resume da actividade (19/01/2024)

Nesta primeira edición da actividade “*Quedadas no Museo*” (QnM), contamos cunha boa acollida por parte do público que foi chegando ao salón de actos. O delegado en Ferrol da SGHN e codirector do Museo de Historia Natural de Ferrol (MHNF), Xan R. Silvar, deu lugar á apertura ás 17:00 e fixo a presentación da QnM, na que salientou a orixinalidade da mesma por parte dos socios Manuel Arzúa e Pablo Torrella, e coa que o MHNF pretende retomar un contacto máis caluroso coa cidadanía, tal como foi noutros tempos dende a “Soci” na delegación de Ferrol.

Manuel Arzúa falou da **importancia** dos datos que ofrecen as coleccións dos museos de H^a. Nat., poñendo de exemplo a revisión que fixo en Londres dos morcegos españois do século XIX nos fondos do **Natural History Museum**. Nese tempo, el estivo a facer un estudo e seguemento dos datos relativos ao morcego das hortas a partir do exemplar que aportou o naturalista ferrolán Víctor López Seoane.

Houbo moitas intervencións e preguntas arredor da exposición de Manuel Arzúa, quen resolveu e tamén contou algunhas das anécdotas vividas nese museo.



O socio Manuel Arzúa durante a súa exposición


Durante a presentación da actividade da *Biblioteca da Natureza*, Pablo Torrella deu a coñecer as últimas adquisicións, como é o caso das publicacións periódicas que inclúen os boletíns didácticos e científicos de diversas temáticas, doazóns de particulares (persoas socias ou non, autoras, etc. a quen agradecemos a colaboración) e tamén aquelas obras que foron solicitadas á Xunta de Galicia e á Deputación da Coruña no 2023:

Asociación Guipuzkoana de Entomología

- *Heteropterus* <https://www.heteropterus.org/es/HRevEntomol>
- *Heteropterus* (castell. / euskera): <https://www.heteropterus.org/es/>

Grupo Micolóxico Galego


- *MYKES*: <https://www.mykes.es/revistas>
Doazón dun particular (non socio). Anos 1999 – 2021.



Sociedad Española para la Conservación y Estudio de los Mamíferos

- *SECEM XVI Congreso Internacional de la SECEM* (6-9 diciembre de 2023, Granollers)
<https://secem.es/congresos/xvi-congreso-internacional-de-la-secem>
- *GALEMYS Galemys. Spanish Journal of Mammalogy* <https://secem.es/galemys/>

Arquivos Entomolóxicos



- *ARQUIVOS ENTOMOLÓXICOS (Revista Galega de Entomoloxía)*
Volumes 1-27 (set. 2009 – dec. 2023)
https://www.aegaweb.com/arquivos_entomoloxicos/

LIBROS

- MERINO, B.** 1905. *Flora descriptiva é ilustrada de Galicia.*
3 Tomos. Doazón de particular (socio).

OUTRAS OBRAS



Demos un paseo co público participante polos almacéns do MHNF, onde puideron coñecer as dependencias e as xoias alí gardadas, como son algúns dos holotipos de fósiles de Zifios, coleccións osteolóxicas de cetáceos, de peles de aves, a de insectos, cunchas,...

O administrador Salvador Sánchez ensinou os xermolos fillos do carballo do xardín.

Pablo Torrella aproveitou a ocasión para explicar a entrega ao MHNF por parte dun socio traballador do servizo de xardíns para o Concello de Ferrol, de varios sacos de humus e restos de poda e limpeza das árbores máis deterioradas para o estudo dos organismos saproxílicos da cidade.



Fósiles de zifio (Esc. 1:10)


Finalmente, Mireia e Manu, voluntarios do *Green Campus* da UDC, valoraron moi positivamente a QnM e consideraron que pode resultar de interese para o seu grupo de voluntariado, convidando ao MHNF a seguir na mesma liña de divulgación e a compartir proxectos por se fosen de interese para participar.

Do que falaremos na 2ª quedada (02/02/2024)

- Xan R. Silvar falará dos humidais de Ferrolterra, neste 2 de febreiro *Día Mundial dos Humidais*.



- Ao chou na “Biblioteca da Natureza”.- Libro *Biodiversity in Dead Wood*. (2012). De STOKLAND, J.N. *et al.* Ed. Cambridge University Press. 509 pp.



Actividade gratuíta e aberta a todo tipo de público con este tipo de inquiredanzas: persoas vencelladas ao sistema educativo, persoas que polo xeral visitan o museo con carácter libre, público familiar, xuvenil e infantil...

VÉN E PARTICIPA!



PATROCINA
FERROL